

## O SERGAS DISCRIMINA AO PERSOAL TEMPORAL

Na Comisión de Permisos do SERGAS celebrada o 5 de maio de 2025, CIG-Saúde esixiu que deixe de discriminar ao persoal temporal no desfrute de permisos.

*O feito de desfrutar un permiso non pode menoscabar o dereito ao emprego.*

O SERGAS mantén na súa proposta as limitacións no acceso aos permisos no persoal temporal.

Manteñen que se ao inicio dun contrato a persoa **sabe da concorrencia durante a vixencia do contrato dun permiso non poderá desfrutar deste**, obrigando polo tanto a persoa aspirante a unha suspensión de chamamentos.

CIG-Saúde esiximos a retirada desa limitación, e ademais que:

- No caso dun permiso iniciado nun contrato poderá rematar o desfrute do mesmo no contrato seguinte.
- Non será motivo para a retirada dun contrato que no inicio do mesmo a persoa traballadora solicite un permiso.
- Non será motivo para a denegación dun permiso que no inicio do contrato soubera que ía solicitar o permiso.



A xurisprudencia abala a nosa proposta, xa que ningunha persoa pode ser discriminada polo feito de ser temporal.

Por iso desde CIG-Saúde esixímoslle ao SERGAS que rectifique e que recoñeza o desfrute dos permisos a todas as persoas traballadoras con independencia do seu vínculo!!!